

Recomendacións para as familias sobre a lectura.



Buscade un tempo e un lugar para ler todos os días cos nenos/as, sen que esta lectura teña que ver coas tarefas escolares.

Lede xuntos, sobre todo nas primeiras etapas. Sentádevos cerca e lede para eles. Os nenos/as aprenden a ler vendo os textos escritos, observando as ilustracións... pasando as páxinas dun libro.

Facede da lectura un tempo divertido. Cando os nenos/as son pequenos, ler historias xogando coa voz... Preguntádelle ao neno por as súas lecturas.

Calquera motivo pode ser bó para ler: preparar unha excursión, facer un postre saboroso ou coñecer as regras dun xogo, as guías turísticas, os recetarios de cociña, os xornais,....

Cando os nenos/as xa sepan ler, seguides compartindo a lectura en familia. Gústalles escoitar historias lidas en voz alta a calquera idade, e seguen necesitando o noso estímulo.

Preguntádelle ao mestre/a dos vosos fillos/as ou aos bibliotecarios qué lecturas son máis axeitadas.

ANIMO QUE VALE A PENA!!!!

BIBLIO DOUS




1º Trimestre
Curso 2011/12
Número 1



Boletín para as familias

Presentación



Queridas familias:

Aquí comeza a publicación dun boletín trimestral no que tentaremos informarles dende os Equipos da Biblioteca e de Normalización Lingüística das últimas novidades ou informacións que esperamos vos sexan de interese.



Os nosos amigos os libros

Desenvolven a imaxinación e o coñecemento do mundo, das xentes que o habitan e das súas costumes.

Estimulan a curiosidade por mundos lonxanos. Os libros invitan a buscar, a comparar e a comprender.

Enriquecen a linguaxe e a nosa capacidade de expresión.

Boletín de Informacións do noso cole


Recomendamos ler

Recomendación especial

Acontecementos próximos



NO TENGO SUEÑO
0-4 ANOS
DOMINIQUE JOLIN,
EDEBE.



A TARTARUGA DE MARTIÑO
0 - 4 ANOS
MARIA CANOSA,
EVEREST



A PRINCESA DE TARAMUNDI
5-8 AN
XOAN BABARRO,
EMBORA




VAIA TROPA!
9-11 ANOS
ANTON CORTIZAS,
XERAIS.



GERONIMO STILTON: SEXTO VIAJE AL REINO DE LA FANTASIA

Este ano 2011 homenaxéase a Xosé Neira Vilas, coa conmemoración do 50 aniversario da primeira edición de 'Memorias dun neno labrego', a obra máis lida da literatura galega.



Por iso, desde estas liñas recomendamos que releian esta obra fantástica e que reflexa o noso pasado non tan lonxano a través dos ollos do entrañable Balbino, un neno labrego.

- 30 de Xaneiro "Día Escolar da Non-violencia e a Paz" que coincide co aniversario da morte de Gandhi.
- 8 de Marzo "Día Internacional da Muller Traballadora", coincidindo coa morte dun grupo de mulleres traballadoras nunha fábrica.


Visita na rede

- bibliotvi2.blogspot.com
- edu.xunta.es/centros/ceipnumero2tui
- concienciaree.blogspot.com

Frases célebres

- "Le e conducirás, non leas e serás conducido". (S. Teresa de Jesús)
- "Para viaxar lonxe, non hai mellor nave ca un libro". (Emily Dickinson).
- "Sempre imaxínei que o Paraíso sería algún tipo de biblioteca". (Jorge L. Borges.)

Un libro de Nadal



Grazas a todos/as e ata a próxima!